

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 04.01.2017

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.04 h do 04.01.2017, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora accidental:

María Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Dación de conta das Resolúcións da alcaldía dende o núm. 1289/2016 ao núm. 1488/2016

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que rógalle ao alcalde que aclare o motivo do Decreto 1294/2016, do 28.11.2016, co asunto aprobación do custe dun permiso de condución.

Contéstalle o alcalde que toma nota do Decreto, xa que como é un asunto dun traballador en concreto se explicará na Comisión correspondente.

Os concelleiros danse por informados.

2. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía para nomear un representante municipal no Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial de "Vilar do Colo"

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 23.12.2016, que copiada literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: proposta de representantes en distintos órganos colexiados

O 13.06.2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais do 24.05.2015.

O artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, (BOE núm. 305, do 22 de decembro do 1986), establece que lle corresponde nomear ao Pleno os representantes da Corporación nos órganos colexiados, sempre que sexan competencia deste.

Os Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial de "Vilar do Colo", (BOP núm. 250, do 30.10.2003), establecen no seu artigo 6 que: "A Entidade Urbanística de Conservación actuará

baixo o control urbanístico dos Concellos de Fene e Cabanas que terán, en todo caso, un representante cada un nos Órganos Rectores da Entidade.”

Logo do que antecede propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Designar como representante do Concello na Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial de “Vilar do Colo” ao concelleiro/a delegado/a de Promoción Económica.

Fene, 23 de decembro de 2016
O alcalde
Juventino José Trigo Rey

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que se algún grupo político propón outra persoa non votará a favor da proposta do goberno.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que na Comisión na que se informou esta cuestión houbo unha forza política que presentou outra proposta, a votaron e a que acadou máis votos foi a proposta que realizou, neste caso, o grupo político Somos Fene. Neste sentido o seu partido, se se mantén esta proposta, a votarán.

De seguido intervén o alcalde que di que el non estivo nesa Comisión, pero pensa que non foi iso o que se votou, votouse a proposta que se levaba e non se votou tal.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que igual se está a confundir coas últimas conversas que houbo na Xunta de Voceiros. Non obstante, o sentido do voto do se grupo será o mesmo, se se mantén a proposta do grupo municipal Somos Fene a votarán a favor.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que por coherencia co dito no primeiro Pleno desta Corporación no que pediu a dimisión dos dous concelleiros de Somos Fene, non pode votar a favor da súa proposta, xa que se non lle ofrecían confianza entón, tampouco lla ofrecen neste momento. Polo tanto, o seu voto será en contra.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que se hai unanimidade do resto dos concelleiros e concelleiras, o seu grupo absterase.

A continuación intervén o alcalde que di que se hai unanimidade dos grupos da oposición o seu grupo aceptará a emenda, aínda que pensa que non é este o xeito, xa que lle levan dando volvas a isto dende hai un mes, comentouse en varias reunión e non houbo ningunha proposta en firme nin ningún acordo.

O grupo Somos Fene presenta como emenda que se designe representante ao concelleiro César Daniel Castro García.

O grupo do PP presenta como emenda que se designe como representante suplente ao concelleiro Juan José Franco Casal.

Ámbalas dúas emendas son aceptadas polo alcalde.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo do PP, 3 do grupo socialista e 2 de Somos Fene), con 4 abstencións do grupo do BNG e 1 voto en contra do grupo mixto.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Designar como representante do Concello na Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial de “Vilar do Colo” ao concelleiro César Daniel Castro García e como suplente ao concelleiro Juan José Franco Casal.

3. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Popular de reprobación o alcalde de Fene por mentir no Pleno do día 1 de Nadal de 2016 sobre a execución da sentenza que ordena o baleirado dos lodos da depuradora de Maniños

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 28.12.2016 por 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 3 votos en contra (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal), e 2 abstencións (1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene), e unha segunda votación co resultado de 4 votos a favor (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Socialista), 3 votos en contra (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal), e 1 abstención do grupo municipal Somos Fene:

""MOCION DE REPROBACION O ALCALDE DE FENE POR MENTIR NO PLENO DO DIA 1 DE NADAL DE 2016 SOBRE A EXECUCION DA SENTENZA QUE ORDENA O VACIADO DOS LODOS DA DEPURADORA DE MANIÑOS

D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, de conformidade co establecido na lexislación vixente presenta esta MOCION para o seu debate y aprobación polo Pleno do concello de Fene con base nos seguintes.

ANTECEDENTES

O pasado 1 de Nadal de 2016 no Pleno Ordinario do Concello de Fene a pregunta do portavoz do PP sobre a execución da Sentenza ditada polo xulgado do Contencioso Administrativo de Ferrol, confirmada polo TSX GALICIA, que ordena a empresa concesionaria VIAQUA a retirada dos lodos da depuradora do muelle de Maniños, contestou o Alcalde que os lodos estaban sendo retirados pouco a pouco para poder secalos e que pesen menos, antes de levalos a planta de tratamento, e que o Concello non era quen para ordenar a forma na que deben ser retirados, xa que é un plan de traballo da empresa.

Basta unha vista os tanques da depuradora para ver que nada se fixo respecto do cumprimento da sentenza como o acreditan as fotografías que se aportarán, donde se pode comprobar que a maleza e as herbas medran por riba dos lodos. Si se retirada algún a capa superior non presentaría o estado que presenta.

Tampouco se pode argumentar que son sucionados dende fora porque o nivel segue sendo o mesmo.

Dende o 7 de abril de 2015 VIAQUA non presentou escrito algún no Concello que conteña un plan de traballo. Minte temén o Alcalde o decir que a empresa ten un plan de traballo.

Ante tal evidencia o Alcalde minteu o Pleno e non defende os lexitimos dereitos e intereses do Concello e dos vecinos fronte a empresa VIAQUA.

Por todo o exposto solicitamos do Pleno se tomen os seguintes ACORDOS:

- Que por parte do Sr. Alcalde se explique porque minteu no pleno do Concello de data 1 de Nadal de 2016 sobre a retirada de lodos da depuradora de Maniños por parte da empresa VIAQUA
- Reprobar a actitude amosada polo Alcalde por non dar cumprimento a sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo de Ferrol que condena a empresa VIAQUA o vaciados dos lodos dos tanques da depuradora de Maniños.
- Solicitar a inmediata DIMISION do Alcalde pola súa incapacidade para xestionar os asuntos dos veciños de Fene."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que quere lembrar que a sentenza TSX foi do 17.03.2016 e vaise camiño dun ano. Que tiña pensado achegar fotografías súas pero lle poderían dicir que eran anteriores, por iso presenta a fotografía que se publicou esta semana no Diario de Ferrol e á vista está o seu estado. Tampouco se pode alegar que os lodos son succionados, pois alí non hai ningún movemento de terra. Por tanto, dille ao alcalde que está a incumprir a Resolución da alcaldía que ordenou a Viaqua retirar os lodos e a sentenza que

ratificou a dita Resolución, pero ademais, como os lodos non están sendo retirados, dille que non iniciou ningún procedemento sancionador máis contra a empresa, segundo establece a Resolución e a súa posterior ratificación polos tribunais, que din que se debe impor unha penalidade de 30,00 euros diarios á empresa por cada día que tarde en retirar eses lodos. Por tanto, dille ao alcalde, está facendo unha deixación de funcións ao non cumprir a sentenza xudicial e deixar manga ancha á empresa Viaqua para que execute eses traballos como queira, e iso non é así porque debería ter presentado un plan de traballo, precisamente para evitar estas accións. O único que hai é un escrito do 07.04.2016 que di que as datas son erróneas e que tendo en conta a notificación recibida do Concello o 02.01.2015, cando daquela se pediu autorización a Augas de Galicia para o baleirado da auga da depuradora, achega a propia autorización desta e a empresa informa que seguindo o protocolo establecido por Augas de Galicia, procederá ao baleirado da EDAR de xeito inmediato, en cumprimento da sentenza. Tamén dixo que logo de elaborados os traballos, o protocolo por parte do xefe de planta da EDAR e obtido o mesmo permiso por parte da dirección de explotación da Xunta de Galicia, Viaqua daría comezo a execución dos traballos, informando previamente ao Concello de Fene. Dille ao alcalde que por escrito non hai absolutamente nada no expediente, pensa que o alcalde o que está a facer é cubrillo as costas a unha empresa e saíu no xornal dicindo que a empresa cumpre satisfactoriamente cos veciños de Fene, cando hai que ter en conta que esta empresa xa demandou ao Concello en dúas ocasións polo tema da subida do canon dos anos 2009 – 2014. Lembra que tampouco devolveu aos usuarios a auga que non lle subministraron nos cortes da auga do 2015. Por tanto, pensa que se está xogando cos veciños e con este Pleno, protexendo a alguén que non é digno de protección porque non cumpre con este Concello, e por iso, dille ao alcalde, que ten os mecanismos necesarios na súa man para imporlle as multas que lle teña que impor. A continuación amosa a foto de hoxe do Diario de Ferrol que demostra como estaban onte as instalacións de Maniños na que se pode comprobar que uns tanques si se baleiraron un pouco; prosegue dicindo que efectivamente hoxe si que se dixo a verdade na prensa, pois seguramente foi polo baleirado de 1500 m3 de residuo líquido, pero falta o resto e xa vai un ano.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que sobre este tema primeiro quere facer un pouco de historia que se subscribe ata o dez de agosto, data ata a que tiña responsabilidade como concelleiro de Servizos. Viaqua o primeiro prazo que deu foi verbal, segundo o que dixo o voceiro do grupo municipal do PP nas xuntanzas mensuais de coordinación que tiña coa empresa, foi o primeiro xoves de xullo e que para o Pleno ordinario do mes de agosto teríanse iniciado os traballos de retirada dos lodos. O certo é que iso non foi así, naquela semana contactou coa empresa que xestiona a EDAR para comprobar se xa tiñan os permisos para verter a parte líquida nalgún punto de vertido e confirmáronlle, antes do Pleno de agosto, que xa había máis dunha semana que Viaqua o tiña autorizado e estaban pendentes de que a empresa lles comunicase os días que ían facelo. Antes do Pleno do mes de agosto púxose en contacto con Viaqua, que lle confirmou que non empezaran, que incumpriran a súa palabra e que nun prazo de 15 días comezaríase a retirada dos residuos. O certo é que non foi no primeiro prazo e continuou sen actuación durante semanas. No caso que agora corresponde decidir, hai unha proposta concreta sobre se o alcalde mentiu ou non nos diferentes Plenos nos que deu información sobre esta cuestión. Neste senso pensaba chegar ao Pleno e que se lle aclarara con documentación, como un plan de traballo, o depósito dos residuos, as correspondentes boletas de deposición nun vertedoiro e demais, é dicir, que se puidera acreditar se o alcalde dixo ou non a verdade. Ata agora non viu ningunha acreditación documental, só viu na prensa algunhas declaracións que para o seu grupo nin proban nin deixan de probar nada. Á vista da situación que presenta a depuradora, hai unha parte que aparentemente semella que non hai ningún tipo de intervención e outra parte, pequena, que presenta un aspecto algo diferente a como estaba hai uns dez días, cando el tivo ocasión de pasar por alí, e eses cambios son difíciles que xustifiquen os volumes dos que se falaban na prensa. Gustaríalle, non obstante, que a alcaldía presentase a documentación que acredite que dixo a verdade e, se non a dixo, non deberían esperar a que se resolvese isto, corresponderíalle entón tratar de corrixirse ou desculpase. Por iso, o seu posicionamento o vai deixar no aire ata saber se a alcaldía acredita ou non que a información que deu en cada un dos Plenos era correcta.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal de Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que hoxe se está a tratar a reprobación do alcalde por unha acusación de ter mentido aquí no Pleno. Di que non ten datos concretos sobre o caso, pero si comprobou que están os lodos e si veu que hai vexetación por enriba e apréciase que foi baleirado un pouquiño porque se nota nas marcas. Nesta lexislatura este é un asunto habitual, sempre se está a debater o que fan uns ou o que outros lles deixaron antes, non obstante, o tema é se merece a reprobación o alcalde. Neste feito concreto vai ver a documentación que achega, pero para Somos Fene o alcalde

merece unha reprobación per se, xa que o alcalde é alcalde mediante enganos. Usou o engano para ser alcalde cos outros dous grupos municipais que participaron no grupo de goberno, minte para xustificar o cese do goberno de Somos Fene e do PSOE.

A continuación intervén o alcalde que lle di ao voceiro de Somos Fene que se está a falar concretamente dunha moción.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal de Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que está a xustificar a súa posición. Di que o alcalde usou a mentira e o engano para acadar un obxectivo, que é gobernar en solitario sexa como sexa, agora co apoio insignificante, logo do golpe de man que deu ao cesal, da concelleira do grupo Mixto municipal.

De seguido intervén o alcalde que lle pide ao voceiro do grupo municipal de Somos Fene que se centre no debate da moción.

O voceiro do grupo municipal de Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, dille que se non o interrompe si o fará, xa que trata de xustificar o seu voto e falar terá que falar. O obxectivo do BNG é gobernar por si solos, tal e como dixeron no seu boletín, así lembra que na anterior lexislatura gobernou o PP porque o BNG non apoiou a lista máis votada da esquerda que foi a do PSOE, pero o seu lema é ou nós na alcaldía ou ninguén da esquerda nela. As mentiras fanse para buscar un beneficio e soen ser un xeito de evitar conflitos. Di que neste caso convén lembrar a aventura de Pinocho, que non deixou de ser unha alegoría sobre o problema que leva a reflexión de usar as mentiras e as consecuencias que ten. Hai un famoso psicólogo, Paul Ekman, que sobre as súas investigacións inspirouse a serie "Lie to me", que estuda as conexións dos estados emocionais, como pode ser unha mentira coa expresión facial e o ton de voz que se usa para xustificala. Sostén que hai dous xeitos de mentir: ocultar é falsear, non é faltar a verdade, é sinxelamente non achegar información, que é o que o alcalde está facendo; o que falsea ten un soporte adicional que conta cousas para poder xustificarse, ás veces para argumentar ben unha gran mentira hai que facer as dúas cousas, ocultar información e falseala. A Pinocho medráballe o nariz, por iso sabíase que mentía, segundo as investigacións de Paul Ekman hai que mirar a expresión facial, a expresividade, o ton da voz, a coloración da cara e demais. Rógalle ao alcalde que achegue todos os datos para non ter isto en conta, os datos que demostren que Viaqua está actuando e despois, o seu grupo, tomará unha decisión en consecuencia.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que anuncia que votará en contra da moción. Os motivos de que a moción non se sostén os explicará o alcalde que é a quen lle compete. Respecto do dito polo voceiro do grupo municipal de Somos Fene que o seu apoio ao goberno é insignificante dille que o grupo Mixto o ocupa exclusivamente EU, e por tanto dase por aludida. É unha pena que isto llo diga alguén que o tempo que estivo no goberno non viña polo Concello a nada, absolutamente a nada, nin el nin o seu compañeiro, por iso dille que se o seu apoio ao goberno é insignificante, o seu foi inexistente.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que o seu grupo vai votar en contra desta moción e remítese ás declaracións do alcalde que pensa que lles van convencer.

Seguidamente intervén o alcalde que di que intentará ser moi claro e moi breve. Esta moción presentouse nunha Comisión o 28 de decembro, outra vez por urxencia como moitas outras e non así os orzamentos. Está a falar de poucos días atrás e a primeira vez que a leu, realmente pensou que era unha inocentada. Le literalmente a parte da moción que di: "Basta unha vista os tanques da depuradora para ver que nada se fixo respecto do cumprimento da sentenza como o acreditan as fotografías que se aportan, onde se pode comprobar que a maleza e as herbas medran por riba dos lodos." Respecto disto dille ao voceiro do grupo municipal do PP, que o que hai por riba son moitos xuncos, os xuncos non se succionan e cando se succiona o que pasa é que baixa o nivel, aínda que os xuncos seguen aí arriba. Afirmo que o nivel segue a ser o mesmo e dille que non di verdade ou, se se quere minte, pero isto non é o peor, o peor é que manipulan, algo habitual no PP. A moción do día 28 acompañaase dunha foto.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que non achegaron ningunha foto.

Contéstalle o alcalde que toda esta información foi dada na propia páxina web do PP e todas as informacións do seu partido acompañanse desa foto.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde, respecto da fotografía achegada xunto á moción, que non é certo e por iso solicita que dende a secretaría se acredite isto, que a moción non achega ningunha fotografía.

Prosegue a dicir o alcalde que na moción non existen fotografías e pídelle ao voceiro do grupo municipal do PP que lle atenda. Di que se acompañou a nova da moción coa fotografía que mostra e preguntalle se identifica a fotografía que lle amosa. Isto é o que achegou e o que deu como información e esta, (por outra fotografía que amosa), é a fotografía do estado no que está. Di que hai unha pequena diferenza entre as dúas fotografías e iso é manipular, mandou a nova da moción cunha foto que non é o estado real da EDAR, aínda que hai máis fotografías máis recentes, por iso repite que a iso chámasele mentir e manipular.

Vai dar datos concretos do que se leva sacado da EDAR, nun principio sacouse 1500 m3 de residuo líquido e de aí a diferenza de nivel. Despois a finais de ano levan retirado case que 300 m3 de lodos, que se están retirando dende o 14.10.2016, ten os datos en camións ou en m3 e esa é a información que ten o goberno. Respecto do plan de traballo que cita a moción di que non o vai discutir e se se quere saber se hai plan de traballo haberllo que preguntar á empresa. Este goberno ten información dos traballos realizados dende o primeiro día, non só da EDAR, pois semanalmente, como así se fixo anteriormente, hai reunións co responsable da empresa para analizar as incidencias máis importantes e nesas reunións vanse informando dos camións e m3 que se retiran e que se reflexa na diferenza de niveis. Á parte de todo isto, a moción di: "O pasado 1 de Nadal de 2016 no Pleno Ordinario do Concello de Fene a pregunta do portavoz do PP .../... contestou o Alcalde que os lodos estaban sendo retirados pouco a pouco .../...", e dille ao voceiro do grupo municipal do PP que non é certo, que é tal a mala fe e a falla de lealdade institucional que o cega por completo, a ambición cégao, é tal a súa fixación pola súa persoa ou pola cadeira da alcaldía que o leva a cometer erros de vulto como este. Por iso, por este erro que, por si só xa sería motivo para pedir desculpas e retirar esta moción, seguindo o seu criterio, dille que debería presentar a súa dimisión aquí. Repite que el contestou que os lodos estaban sendo retirados e sobre isto pídese a súa reprobación, por dicir iso. Di que el naquel Pleno non lle contestou e por iso di que minte, e por iso pensa que sería oportuno retirar esta moción, porque quen lle contestou foi o concelleiro de obras e non el, por iso dille que hai que estar máis atento nos Plenos. Polo tanto, el non lle dixo nada disto, utiliza unha mentira e basea esta moción nela en primeiro lugar e, en segundo lugar, si que se retiraron lodos e hai traballos realizados con informes dos m3 que se retiraron. O que pasa é que hai que ir mirar e non só ir sacar fotos tras os arbustos. O traballo está feito, estase preto do 70% da retirada de lodos e líquidos, retiráronse un millón cinco centos mil litros de residuo líquido e tres centos m3 de lodos. Á marxe disto el non lle contestou a esa pregunta polo que non se pode dicir que o alcalde lle mentiu na resposta porque iso é falso e a súa moción baséase nunha mentira, algo moi habitual do PP, manipular e mentir, algo que non é de aquí só. Logo disto intentará non intervir mais porque pensa que se desprestixia totalmente e gustaríalle que retirase a moción, porque hai un erro de vulto, un erro importante.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle di ao alcalde que non hai erro de vulto nin hai nada do que di, sinxelamente todo o que acaba de dicir agora acredita, cada vez mais, o contido da moción, porque ata o de agora estallou pedindo que presente a xustificación do que se está facendo e non presenta absolutamente nada, non vale dicir que se reúnen semanalmente con Viaqua porque pregunta: onde está a constancia de todo iso? Basta unha sinxela mirada preto dos tanques para ver que alí non actuou ningunha máquina nin houbo nada, nin se revolveu, nin se remexeu, nin se fixo nada. Ninguén dubidou que se retirasen os líquidos, pois para isto xa tiña o goberno anterior a autorización de Augas de Galicia. O que a sentenza ordena é a inmediata retirada dos lodos e é o que o alcalde non está a cumprir, nin impón unha multa de 30 euros diarios á empresa Viaqua en tanto non retire e baleire totalmente os tanques. Cobráronse dúas multas porque llas puxeron antes, pero lle di ao alcalde que non iniciou ningún outro expediente sancionador novo nin ordenou o baleirado, porque senón xa tiña que estar baleiro. Esa é a proba máis grande de que minte. Logo se dixo que se levan a secar os lodos e pregunta: a onde?, se iso é tóxico e hai que retiralo directamente a unha empresa autorizada. Di que non vai insistir máis e que el si vai alí habitualmente e sabe que non se fixeron eses traballos. Se sabe que si se fixeron, dille ao alcalde, acredíteo documentalmente. Iso é tan doado como que a empresa lle entregue os tickets da entrega dos lodos á empresa autorizada. Aínda así, se ata o de agora só levan retirado 300 m3 e vese como están os tanques amosando a foto que saíu na prensa.

Se se tivesen completado os traballos de baleirado dese tanque dende que se ten ordenado a Viaqua e se tivese metido a multa correspondente, non se estaría hoxe aquí con esta moción. Por tanto, a inoperatividade do alcalde é o que conleva en si esta moción, que pide a súa dimisión por non ser quen de defender os intereses de Fene, de cobrarlle unha multa a unha empresa concesionaria que debería ter baleirado eses tanques hai moitos meses. Esa é a proba máis palmaria de que non está a facer nada.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que lle di ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que segue a esperar a súa desculpa por dicir que lle contestou no Pleno, mentindo, cando el non lle contestou nada.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que contesta ao alcalde que no último caso o responsable último do concelleiro é el.

Contéstalle o alcalde que segue obsesionado e preguntalle: dáse conta? Reitéralle ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que non lle contestou el e a moción baséase nunha resposta que non lle deu el. Dille que si teñen a información e o informe da empresa dos lodos retirados.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que asistiron un pouco sorprendidos ao debate porque pensaba que coa presentación da moción o obxecto da discusión é se se están facendo uns traballos na EDAR ou non, e por tanto se se están defendendo os intereses de Fene ou non, e logo, se as informacións que deu o alcalde ou os membros do goberno son correctas ou non. Entende que se non as di o alcalde e si un membro do goberno igual a acción hai que corríxila ou non. Está a ver que tampouco se deu ningún dato certo de se se está a retirar isto ou aquilo, hai estas fotografías, que agradecen, pero hai un problema, non teñen data, pero hai un problema, el foi visitar numerosas veces a depuradora, tanto cando chovía ou cando non, e tivo ocasión de ver que o nivel variaba segundo o que chovía. Di que visitou a depuradora bastante antes de agosto de 2016 e os niveis son máis menos os que presenta agora, posiblemente porque a auga se foi filtrando polas gretas que ten a EDAR. Por tanto, as fotos que presentou poden ser proba de algo, dependendo da data nas que se sacaron ou de nada, pero non o saben. Tampouco entrou na páxina do PP para ver con que nova acompañaban esta moción, por tanto non sabe se iso acredita algo ou non. Non obstante, pensa que o que acredita algo sería que se achegasen probas documentais dos traballos que se están facendo, primeiro para acreditar que se está facendo e ata que punto, e segundo, para acreditar se o alcalde ou o concelleiro dixo verdade ou non. O seu grupo, sen probas que constaten os feitos, dificilmente pode emitir un xuízo nun sentido ou noutro. Por iso agradecerían que se fose máis preciso e se non se vén coa documentación ao Pleno que se explique o motivo, pero se hai algún traballo feito ten que poder acreditarse dalgún xeito, sobre todo porque con esta empresa non é a primeira nin a segunda vez que cando se lle requiriron cousas de palabra foron continuas demoras ou retrasos, o cal non é unha conducta que fose novidosa, senón que é algo habitual, a pesar de que puidese haber unha relación cordial no trato persoal, cando menos no tempo que el foi concelleiro. Non obstante, para o seu grupo o substancial son os danos, quere que se acredite se se está facendo algo ou non, e se o alcalde ou alguén do goberno dixo verdade no Pleno ou non. Ata o de agora por moita emotividade que se lle dea ao debate non se achegou nada diferente dende o día que se presentou a moción, seguen sen ter un só dato e gustaríalle telos para emitir un xuízo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal de Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que considera que a fotografía non é un documento necesario para responder á reprobación. Gustaríalle saber a onde foron os lodos retirados, como se retirou o líquido que nalgún sitio se baleiraría á rede de saneamento, pois os líquidos non son só auga senón que é auga tóxica. Bota en falla a documentación da empresa, un plan de traballo, débese saber cantos camións se sacaron, a onde os levaron e cando pensa finalizar a obra. Eses son os datos reais e non os teñen para poder dar unha opinión fiable.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que entende que o que se debate é, non se os tanques están mais cheos ou baleiros, se hai auga da choiva ou non, sabendo que este inverno non choveu nada. O que ve é unha reprobación do alcalde por mentir e sobre isto é onde entende que hai que decidir. Non obstante anuncia que vai votar en contra da moción.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que pode ler un informe da empresa que vai ata final de ano, que di que o 05.10.2016 tiveron a autorización definitiva de Augas de Galicia sobre o baleirado e o venres día sete comezou o baleirado da EDAR de Maniños cara a Punta Avarenta. O transvase faise, como preguntou o voceiro do grupo municipal Somos Fene, aspirando a balsa con camións cisterna e baleirando esta auga no colector mediante bombeos existentes, transportando ese residuo líquido da EDAR ata Punta Avarenta, é dicir, coa autorización tanto de Augas de Galicia como da depuradora de Chanteiro. Eses traballos duraron sete días e se baleiraron 1500 m³ de residuo líquido permitido, segundo o plan de traballo que deu no seu momento, no mes de abril, que permitía a autorización de Augas de Galicia. A partir de aí, rematouse o baleirado da parte líquida o que non quere dicir que os lodos, logo do baleirado da auga repisen e volvan sacar auga cara arriba, polo que pode haber outra vez humidade igualmente. Ao mesmo tempo na primeira xornada do día 14 sacáronse sete camións con 56 m³, o día 31 houbo tres viaxes con 24 m³, en novembro o día 4 sacáronse 8 m³, o 18 fixéronse outros tres viaxes con 24 m³, o día 25 houbo tres viaxes con 24 m³, en decembro o día sete fixéronse dous viaxes de 16 m³, o 22 houbo cinco viaxes con 40 m³, o 26 tres viaxes con 15 m³, o 27 seis viaxes con 30 m³, o 28 catro viaxes con 20 m³, o 29 seis viaxes con 30 m³ e o último informe é do día 30 no que se fixeron dúas viaxes con 10 m³, o que fai un total de 297 m³ de lodos retirados actualmente e logo disto séguese traballando. Por iso di, en primeiro lugar que el non contestou e por tanto no puido mentir ese día, o que é un erro de vulto da moción, e por outro lado, o concelleiro non mentiu en absoluto cando dixo que se estaban realizando os traballos porque dende o 14 de outubro así se están facendo. Por outro lado, este é un informe que pasa a empresa pero quen fai esta comprobación é o goberno indo, cando menos un par de ocasións todas as semanas, a ver como van os traballos e comprobar que o que lle di a empresa nas reunións é certo ou non. Estes son datos dun informe que se lle pide regularmente á empresa que demostre que si se está facendo este baleirado.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que a proba máis evidente de que a moción está presentada e ben presentada é o que acaba de facer agora. Dille ao alcalde que falou do que xa falaba Viaqua na autorización que se lle deixou aquí e que dicía que, tendo en conta a notificación recibida do Concello de Fene o 02.01.2015 na que se trasladaba a autorización a Augas de Galicia para realizar o baleirado da EDAR de Maniños ata a EDAR de Ares, pero di que iso son as augas. Sábese que se foi a un xuízo coa empresa porque se negaba a retirar os lodos, porque retirar os lodos supón un gasto económico importantísimo e o Concello non estaba daquela disposto a asumir os gastos da súa retirada e o seu traslado a un xestor autorizado. O que se dixo non é ningún traslado a ningún xestor autorizado dos lodos, iso é o baleirado dos tanques que se fixo da depuradora que non se lle negou nunca. Pídelle ao alcalde que se centre, pois a sentenza ordena o baleirado inmediato dos lodos e se non se fai inmediatamente que se lle impoña unha penalidade de 30 euros ao día, e iso é o que se lle está pedindo. Dille ao alcalde que non ten ningún informe da empresa Viaqua no expediente do Concello e ese, se llo deron, mandaríanllo hoxe, tarde, mal e a rastro, porque afirma que non hai nada. Non hai nin unha soa acreditación que se retirasen de alí nin un só gramo de lodo e non se está a dar cumprimento á sentenza, porque iso xa estaba asumido nun principio e non se foi a un xuízo pola retirada das augas senón polos lodos. Dille que falou da auga e iso non ten nada que ver, por tanto reafírmase cada vez máis nesta moción e pídelle que acredite que levou os lodos para Sogarisa ou outra empresa de tratamentos de lodos, pois iso é o que lle ten que acreditar a empresa ao Concello e non os tanques dos camións contedores de auga que logo se verteron á rede de saneamento que logo foi para a depuradora de Ares, o cal xa estaba autorizado e previsto. Por iso, pídelle ao alcalde a acreditación de que se retiraron os lodos e se non foi así por que continúan aí. Rógalle que faga cumprir a sentenza.

De seguido fai uso da palabra o alcalde que lle di ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que volve cambiar o obxecto da moción segundo lle interesa, agora xa non é a mentira do alcalde. Rógalle que atenda ao que leu, dixo que se retiraron 1500 litros de residuos líquidos e 297 de lodos. Os lodos estanos levando a instalacións propias de Viaqua e logo ao xestor autorizado, unha vez desecados. Cando rematen o traballo terán que demostrar cantos m³ retiraron e iso é un traballo que ao goberno non lle preocupa como o están facendo, téñeno que acabar e están cumprindo a sentenza, que non puxo ningún prazo, puxo que se faga o traballo inmediato. O goberno municipal dalle présa pero non lle está esixindo ningún prazo para telo feito, porque iso non o pon en ningún sitio. O traballo estase facendo e o goberno o está comprobando e reitera que non foi el quen lle contestou, por moito que insista.

C.I.F.: P-1503600-G

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle di ao alcalde que lle parece moi ben o que dixo pero iso non é así, o que hai que cumprir é unha Resolución da alcaldía de Fene e nese momento requíriuselle para a inmediata retirada dos lodos, e inmediato non son seis meses, cunha imposición dunha sanción de non facelo de 30 euros diarios, e preguntalle ao alcalde, canto tempo se vai estar retirando os lodos da depuradora?, o tempo que lle dea a gana a Viaqua ou ata que se vaia? porque pronto esa concesión, que o BNG lle deu por 10 anos máis sen publicidade ningunha, vai rematar. Non sabe se non se dan présa porque se levan moi ben, como se veu na exposición que fixo Viaqua neste Salón de Plenos.

Seguidamente intervén o alcalde que lle di ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que a exposición foi da Xunta de Galicia e que se ten problemas coa Xunta iso xa é outra cousa.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que por fin hai datos das actuacións que se están realizando, aínda que sexan datos de parte da empresa. Gustaríalle que se puidera achegar copia do documento e na medida do posible sería convinte pedirle á empresa que acredite os volumes destes traballos a través de xustificantes de depósitos de lodos ou o que corresponda. Parécelle ben o que dixo o alcalde de que o goberno pasa por alí pero se sentiría moito máis tranquilo se fose un técnico municipal quen supervise os traballos que queden por realizar e que logo, ao remate daquelles, presente un informe.

A continuación intervén o alcalde que lle di ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que tamén vale a súa petición.

Prosegue dicindo o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que neste momento seguen faltando por acreditar datos pero cando menos se comezan a dar algunhas datas e cifras que o fai reflexionar sobre a actuación do goberno. Neste momento o seu partido, cos datos que hai enriba da mesa vaise abster e, na medida na que se concrete as argumentacións e se acredite, modularán a súa posición nesta cuestión.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal de Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que tamén solicita que se lle achegue a documentación da empresa e parécelle importante e interesante que a empresa poña unha data de remate do traballo a realizar, pois non se pode penalizalos cos 30 euros diarios se non hai data do remate da obra. Di que non ten datos e por iso absteranse na votación.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 7 votos a favor do grupo do PP, con 5 votos en contra (4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 5 abstencións (3 do grupo socialista e 2 do grupo Somos Fene).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- **Que por parte do Sr. Alcalde se explique porque minteu no pleno do Concello de data 1 de Nadal de 2016 sobre a retirada de lodos da depuradora de Maniños por parte da empresa VIAQUA**
- **Reprobar a actitude amosada polo Alcalde por non dar cumprimento a sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo de Ferrol que condena a empresa VIAQUA o vaciados dos lodos dos tanques da depuradora de Maniños.**
- **Solicitar a inmediata DIMISION do Alcalde pola súa incapacidade para xestionar os asuntos dos veciños de Fene.**

4. Mocións urxentes

Non se presentan

5. Rogos e preguntas

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

-O vindeiro mes de febreiro hai un ano que entrou en vigor a nova Lei do solo de Galicia, xa se lle preguntou ao concelleiro de Urbanismo se tiña pensado facer algo ao respecto da revisión do novo plan de urbanismo e a súa adaptación á Lei, que contestou que xa hai catro ou cinco meses que non se fixera nada. Por iso quere saber se se fixo algo ao respecto ou se pensa facer algo.

Contéstalle o concelleiro de urbanismo, Justo Martínez Ardá, que logo das primeiras reunións cos redactores do Plan xa hai un ano, non se fixo nada máis e intentará retomalas o ano que vén.

- Hai unha obra que leva un retraso importante que é a senda peonil do Carril, da que tampouco sabe se hai algo ao respecto.

Contéstalle o alcalde dicindo que o único que queda pendente é asinar as escrituras públicas dos propietarios que no seu momento non cederon. Como xa lle dixo noutra ocasión, non é un tema de agora, xa que hai xente que ten construído hai catro, seis ou máis anos, e os gobernos que estiveron aquí no pasado non lle obrigaron a facer as cesións. O que ten que facer o seu goberno é emendar o que fixeron os gobernos anteriores, entre eles o seu. Unha vez isto estea feito poderanse poñer coa obra.

- Recentemente supón que na Comisión a concelleira de Servizos Sociais falou que se ía modificar a ordenanza de axudas de emerxencia social respecto do tema do vehículo que obstaculiza a concesión de moitas axudas. Hai pensado facer algo, ademais desta ordenanza, con todas as demais ordenanzas que o alcalde dixo que se estaba a facer unha revisión exhaustiva e importante delas?

Contéstalle o alcalde que seguen a recopilar datos e anuncia que van facer cambios nas ordenanzas fiscais. Ao PP isto pediúselles durante catro anos e non fixeron a primeira. É raro que logo de catro anos de non facer nada, agora Pleno tras Pleno, pretende que os demais amañen o que el non foi quen de facer, exactamente igual que o que pasou coa bonificación do IBI, que non a fixeron en catro anos e logo dixéronlle que el tardou moito en facela. Están e van facer modificacións nas ordenanzas, ademais sabe que se están a facer reunións estes días nas que se lle pediron a todos os grupos opinión sobre a incorporación do POS+ no orzamento e, ao respecto, segue a esperar a primeira achega do PP.

- No anterior Pleno houbo moita présa por levar a modificación da relación dos postos de traballos do Concello pero neste Pleno non se trouxo, nin se levou á Comisión. Por iso quere saber se se está facendo algo ao respecto e se se fixeron as modificacións correspondentes que o seu partido sinalou no anterior Pleno?

Contéstalle a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que segue a traballar no expediente. Pregúntalle como é que o seu grupo o veu tan mal no Pleno cando non aportaron nada na Mesa de Negociación?. Proximamente volverase facer outra Mesa de Negociación e espera que sexa nese momento, cando teñan algunha dúbida, sexan quen de dicilo alí e logo no Pleno poderase falar do se queira. Rogaríalle que sexa na Mesa de Negociación no que se formulen todas as dúbidas.

- Na Comisión de Persoal deuse conta da creación dunha bolsa para cubrir as traballadoras municipais do servizo de axuda no fogar. Isto estráñalle porque de feito foi este goberno o que meteu a dedo á empresa Sociser para cubrir esas prazas, e cubrir así o servizo que estivo privatizado moito tempo. Logo o goberno do PP sacou este servizo a concurso público e adxudicouse. Agora este goberno volveuno sacar novamente a concurso. Por todo isto, quere saber o porqué desa duplicidade de sacar as prazas das bolsas e logo todo o que é o SAF?

Contéstalle a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que dixo que se estaba pensando en facela xa que hai moitas incapacidades e moitas xubilacións. Si que se ten pensado facela.

- Como sempre lle dicían ao seu goberno que tiña moitas persoas contratadas, tamén quere saber, cantas persoas contratadas ten agora este goberno de empresas externas?

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que nestes momentos o que se fai con esta empresa é contratar traballos e non traballadores, polo tanto hai en cada momento os traballadores que precisen para facer o traballo que se lle contrata.

- No último Pleno o alcalde dixo que ía levar ben especificado á Comisión de Facenda todas as axudas de máis de dous millóns de euros que conseguiu para este Concello e, como sempre, todo quedou en nada, pois á Comisión non foi nada. Lémbrolla por se quere levalo á vindeira Comisión.

- Pese a que diga o que diga e veña a vicepresidenta da Deputación facerse eco do plan POS+2017 que lle conceden a Fene con 775.000 euros o certo é que Fene, con este plan, perde 161.510 euros respecto do ano pasado. Xa sabe que se lle vai contestar que iso vaia cubrir con remanentes do ano que vén, o cal é posible, pero o certo é que se houbese que facer uns orzamentos a 31 de decembro a única cantidade que se podería levar é a de 775.000 euros, por tanto se o goberno está elaborando uns orzamentos, como vai compensar ese recorte de 161.000 euros?, porque iso vai ter que ir a determinadas partidas concretas. Quere saber se se está buscando encaixe á baixa dos ingresos da Deputación Provincial da Coruña no Concello.

Contéstalle o alcalde que pensa que iso non é debate para un rogo e preguntas, pero chámalle moito a atención os números tan parciais que fai. Dille que volve facer o de sempre, terxiversa a realidade. Se só se colleran o POS como tal, dos datos da Deputación, pódese ver que nun principio para o ano 2017 dedícanse 54 millóns de euros cando o PP puxo 49 millóns o ano anterior, é dicir, hai cinco millóns de euros máis a repartir con criterios POS de xeito que a cada un corresponderalle o que lle toque, segundo o acordo acadado hai moitos anos con todos os concellos e grupos políticos. Só con isto Fene, segundo estes datos obxectivos, corresponderíanlle 566.000 e eses son 56.900 euros máis que o ano anterior co partido Popular. Se a maiores incorporáronse 20 millóns máis por parte da Deputación é o que fai que a Fene lle toquen 200.000 euros máis e supón ademais que se incorporarán remanentes que lle darán mais cartos a Fene e non só iso, ademais os van ter moito mellor repartidos, é dicir, non utilizando os criterios que usaba o partido Popular en mil convenios ou, algo que está poñendo ao partido Popular moi nervioso que é que os Concellos lle poidan esixir o mesmo criterio á Xunta de Galicia, así pódese ver que uns días antes das eleccións, o 12 de setembro de 2016, a Xunta de Galicia repartiu moitos millóns de euros a través de 60 convenios dos cales 57 foron convenios con concellos do partido Popular. Ese é o xeito de repartir os cartos do PP e cando se intenta modificar o sistema, ao PP dóelle. Agora o que hai que facer co POS é incluílos nos orzamentos para sacalos para adiante, a ver se é posible. Caso contrario haberá que intentar negociar este POS e sacalo para adiante, como pensa que xa se falou cos representantes dos grupos que están aquí e, ao final do ano, verase se houbo máis cartos ou menos para Fene.

- A semana pasada estivo na Casa da Cultura pechando o ciclo de "Construíndo Pontes" e viu con certa sorpresa que a mestra despedíase dos alumnos que participaron nos cursos porque xa non se ían facer máis. Logo disto falou coa concelleira de Servizos Sociais que lle dixo que a Deputación retirou a subvención, pero sabe que non foi tal, xa que veu incluída precisamente no POS+2017, por iso pregunta se os recortes van ir por aí, coas actividades Construíndo Pontes, Envellecemento Activo, Tardes Activas, Talleres de Memoria e demais?.

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, que si que lle dixo que non había subvención pero tamén lle dixo que se quitarían cartos do POS+ para iso.

- Sabe que houbo unha reunión de alcaldes para tratar o tema do Camiño Inglés, pero diso non deu conta en ningunha Comisión. Pensa que se alguén foi, ademais de saber se se asistiu á reunión, debíase como mínimo informarlles do tratado na reunión e se hai algo novo ou se se vai facer algo.

Contéstalle o alcalde que a dita reunión coincidiu con outras reunións máis e tamén con reunións dos órganos de goberno municipal. Non asistiu pero ten a información do que aconteceu, porque así lle chegou a responsable da Xunta de Galicia. Coñece a información e dille que esa mesma subvención e ese mesmo traballo o ía facer a Deputación e sería interesante que o preguntase na Deputación.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle di ao alcalde que sería interesante que lle informase.

O alcalde dille que isto non é algo do Concello, é algo entre a Xunta de Galicia e a Deputación. Que o alcalde de Fene o saiba non ten nada que ver co que ocorre en Fene.

- Quere saber se xa se lle contestou a un traballador desta Casa e máis a un sindicato que solicitaba que se dese cumprimento ao acordo plenario que ordena compensar ata o 100% as retribucións dos traballadores con baixa laboral. Contestóuselle ao sindicato ou ao traballador?.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que se lles contestará por escrito pero se segue o mesmo criterio que tiña o partido Popular, non se lles pagou nunca.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle di que a pregunta era sobre compensar a paga dos traballadores.

A concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, di si se lles vai contestar aos traballadores.

- Non insistiu ao principio na dación de conta porque non era o momento para discutir sobre o tema, pero agora volve insistir na Resolución 1294/2016, do 28.11.2016, que aproba o pagamento do custe dun permiso de condución dun traballador desta casa. As cuestións persoais do persoal non as vai tratar do Pleno pero está a falar de cuestións obxectivas e isto non ten nada que ver co traballador senón coa actitude do alcalde que é a de saltarse á toreira determinadas normas. Sabe que nesa Resolución hai un informe de intervención que lle pon un reparo ao pagamento, reparo suspensivo que o alcalde levantou. Esa Resolución pode ter un nome que está no Código Penal e veo con certa preocupación e tamén no que toca á discriminación que pode haber respecto dos distintos traballadores do Concello. Isto é moi grave e, por tanto, non lle vai pedir aquí que especifique nada pero si que responda a isto, cal foi o motivo para facer isto?, porque todos os traballadores deste Concello son merecedores dun trato igualitario, pero el pensa que este non é un trato igualitario senón que ilegal.

Contéstalle o alcalde que, segundo se fixo noutras ocasións, este tipo de cuestións contestarase na Comisión ou na Xunta de Voceiros.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Popular que di que as cuestións obxectivas que levaron a ditar unha Resolución deste tipo si son obxecto deste Pleno e por iso reitéralle que lle conteste. O problema non é do traballador senón do alcalde.

A continuación intervén o alcalde que contesta que por un problema dunha enfermidade grave dun traballador deste Concello, que hoxe ten a invalidez, houbo que botar man dunha persoa que conducise ese camión e pedíuselle a un dos traballadores que ía facer ese traballo que se sacaba o carné se lle abonaría ese custe, porque se precisaba un traballador que o tivera. Se non se fixera habería que contratar a unha persoa de fóra.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que neste Concello houbo peóns conducindo os camións do lixo, houbo persoas de empresas auxiliares conducindo vehículos públicos e isto non é xustificación.

Seguidamente intervén o alcalde que di que si que a hai. Isto de contratar xente de fóra para seguir conducindo camións do lixo, outros camións ou unha furgoneta é o que están intentado acabar para que non ocorra.

- Cambiouse de asesor xurídico no departamento de Servizos Sociais? Se foi así, cal foi o motivo?

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, que hai dez días estaba o mesmo asesor e, se houbo algún cambio, non ten coñecemento diso.

- Roga que á vindeira Comisión se leve esta información, se non se sabe agora. Naquel primeiro procedemento no que Viaqua demandou ao Concello é o xuízo ordinario 126/2011 e na execución 15/2014 requiríuselle por última vez ao Concello que había que pagar unha cantidade, pero non se concretaba. Quere saber se na demanda boa, na que Viaqua demandou ao Concello, se concretaron as ditas cantidades e tamén se se fixo algún pagamento ao xulgado como consecuencia da execución da sentenza, porque a sentenza non fixaba ningunha cantidade a pagar.

Contéstalle o alcalde que tería que revisar o expediente, pero pode dicirlle que ata o de agora non se concretou ningunha cantidade e non se fixo ningún pagamento a Viaqua. Habería que ver o expediente para poder concretar algo, pero aínda non se fixo.

- O concelleiro de Urbanismo tamén quedou en levar algunha información á Comisión sobre a praza do Perla. Sorprendeulle tanto que agora a devandita praza sexa, para este goberno, unha praza

privada cando segundo o acordo plenario do 01.02.2007 acordou denominar praza do Perla á praza pública da parroquia de Perlío. Por un lado, no 2007 acordouse nomear esta praza pública, fixéronse inversións públicas e agora vense co conto de que nada se pode facer porque é privada. Por iso quere unha aclaración cando menos na seguinte Comisión, pois xa van dous Plenos dende aquela.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que é unha praza privada e si que se intentou chegar a un acordo para facer unha praza pública, pero non se levou a cabo e, polo tanto, é privada. Concedéuselle o final de obra, o seu goberno non el, xa que hai catro anos non se lle puido dar o fin de obra ata que non se considerou a praza privada e, finalmente, concedéuselle o fin de obra para que puidesen ter acceso aos garaxes cunha pasaxe. Rógalle que pida a revisión do expediente, igual que o pediu para o caso de Viaqua, e mañá terá o expediente para revisalo.

- Pregúntalle á concelleira de Servizos Sociais se mantén o que dixo cando lle preguntou ao actual alcalde cales eran os criterios que se seguen para elixir os membros do xurado para as prazas de conserxe que se están a facer, pois tiña entendido que para ser membro do xurado había que ser funcionario e non laboral e que lle chamaba a atención que a maioría dos membros do xurado son da mesma cor política e por iso quería saber que criterios se seguen, como se elixen? e se os laborais poden ser xurados para esas probas?. Ademais para esas prazas no xurado só hai dous conserxes. Por iso, en base á súa pregunta, pregúntalle á concelleira se o actual tribunal que se acaba de nomear para a elección da lista definitiva de peóns se mantén? o tribunal ten algunha cor política?

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, que cando se falou dos conserxes lembra que tiveron unha conversa e foi el quen lle deu unha copia da composición e lle informou que eran case todos do BNG. Ela fixo a pregunta no Pleno, é certo, pero respecto dos criterios de elección dille que non sabe quen entra, non lle interesa e non é problema seu.

- Roga que se faga a correspondente reparación da caseta do río Cádavo e dos asentos.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que hoxe se comezaron a facer as reparacións precisas.

- Hai queixas sobre a sucidade das pombas no edificio dos Arcos.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que non tiña ningunha queixa pero o terá en conta cara a revisalo.

- Rógalle ao alcalde que dimita, logo de todo o que se leva visto. Perdeuse unha subvención de Medio Ambiente, 90.000 euros do aglomerado de Vilar do Colo, perdeuse o Obradoiro Inicia I, non executa as sentencias, non se iniciaron as obras do POS do ano pasado e non se sabe nada das obras do POS+ deste ano. Ve con certa preocupación a deriva que está levando este Concello e pensa que debe dimitir porque se alguén ten interese persoal será o alcalde e non el como lle dixo antes.

A continuación o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se intensifique a campaña de desratización xa que segue a recibir bastantes queixas da veciñanza. Para isto axudan algunhas medidas como a roza da parcela de xunto Caixa Galicia, da propiedade de Solvia, pero tamén había outra finca que tamén tiña bastante maleza e rógalle ao goberno que interveña para solicitarlle ao propietario a limpeza da finca para que axude a salubridade da zona.

- Hai algúns colectores do lixo da zona de arriba de San Valentín que levan algo máis dunha semana cheos de lixo e semella que non hai persoal que os atenda. Roga a súa limpeza.

- Respecto da cabalgata de reis que se fará mañá, na Comisión díxose que se concedeu o contrato á empresa Sedega. Hai constancia de que se teña subcontratado algunha outra empresa para facer esta actividade?

Contéstalle o concelleiro de Cultura, Xuventude e Deportes, Justo Martínez Ardá, que non ten constancia de que haxa xente subcontratada. A relación que ten o goberno é coa empresa adxudicataria, que é Sedega.

- Lembra que no anterior Pleno pediron o nivel de memoria e obras contratadas e executadas do ano 2016, ao que o concelleiro comprometeuse a contestarlle por escrito e aínda non ten ningunha resposta.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que o ano 2016 rematou hai catro días, por iso dille que se lle preparará a documentación.

- Respondéronlle parcialmente á pregunta sobre o céspede artificial do campo de fútbol de Maniños, contestáronlle cun informe da empresa adxudicataria no que se comproba que, cando menos, en dous parámetros esixidos nos pregos de prescricións técnicas o céspede non cumpre e nun parámetro máis, por tanto sería preciso que se fixeran as correspondentes probas para asegurar que este céspede, nese parámetro cumpre. As características técnicas respecto do peso do hilo é de 15.000 dtex +- 10%, cando no prego esixíanse 16.000, aínda que con ese +- podería chegar a cumprilo ou non, polo que entende que se debería facer unha proba por parte dun laboratorio independente. O espesor do fío é de 360 micras +- 10% e neste caso, aínda no suposto máis positivo non acadaría as 400 micras que esixe o prego. En canto ás características do tecido de soporte e composición do peso do látex, polo tanto a fixación deste fieltro faríase con látex cando no prego establece con claridade que se realizaría con poliuretano. Por tanto entende que o céspede que hai autorizado para instalar no campo de fútbol non cumpre exactamente coas prescricións técnicas do prego. Isto podería ser unha cuestión menor ou non, pero as características técnicas do céspede foron xa obxecto de discusión no procedemento de licitación, de feito o procedemento paralizouse debido a que se detectou un erro na definición do céspede a instalar, erro que precisamente atíña, entre outras cousas, a estes parámetros. Fíxose esta aclaración, licitouse e aceptouse, ou iso semella, un céspede que non cumpre con esas especificacións. Pensa que isto merece unha explicación solvente ao efecto de que este céspede non cumpra con todos os parámetros que se establecían nos pregos, porque nas consultas que se fixeron estes parámetros afectan ao prezo do céspede, e non é normal que, se se licita mercar un camión con tres eixos, se acepte que veña un camión con dous, e si se acepta terá que haber unha explicación moi solvente sobre este feito. A pregunta sería, que explicación hai para estes feitos? Pedíronse probas realizadas por un laboratorio independente sobre as características deste produto que se está a instalar? Espera que as explicacións poidan ser convincentes porque se os feitos se acaban confirmando, pensa que non hai unha boa praxis de contratación e execución de obra.

Contéstalle o concelleiro de Deportes, Justo Martínez Ardá, que dixo que o céspede cumpre parámetros en canto ao peso do fío, o seu espesor, o látex, o cal son unhas características mínimas que establecía o prego. Dille que el non é técnico, non sabe se o látex e menos ou máis pero hai unha empresa que vai facer as probas, tanto do aglomerado como do céspede e esa empresa será a que certifique. Trátase dunha empresa externa que ten a súa delegación en Portugal e será a que elabore o informe, que se o consideran oportuno, se lle achegará á oposición.

- Na Comisión de Cultura informouse e tamén lle informaron por escrito á pregunta do anterior Pleno do por que se variaron os criterios da composición da Comisión que concede as subvencións de concorrencia competitiva. Era tradición neste Concello, instaurada hai moitos anos, bastante acertada, que neste tipo de Comisións de avaliación, igual que nas de contratación, tiñan ou ben unha composición paritaria dun representante de cada un dos grupos políticos con representación municipal ou ben unha representación proporcional. Neste caso a Comisión que se constitúe este ano pasa a ser inversamente proporcional á representación que se ten, curiosamente a forza política que ten catro concelleiros e a que ten un, cinco, suman máis membros na Comisión que as forzas políticas que teñen sete, tres e dous concelleiros, que teñen menos membros. Contestáronlle que xa sabe que coa Lei na man pódese facer, o cal xa o sabía cando fixo a pregunta, o que quere saber é cales son os criterios para que se varíe un criterio que se viña respectando nesta Corporación dende hai décadas, de que a participación dos grupos políticos fosen proporcional ou paritaria. Isto dillo ao concelleiro de Cultura, porque foi o seu partido político o que promoveu que isto se fixera, el critica moitas cousas que fixo o BNG en Fene pero non lle gusta que as que fixo ben agora se desfagan, porque entende que esa praxis de aproveitar de que un pode facer para barrer e arrimar a ascua a súa sardiña é unha práctica que non é positiva, nin nesta Administración nin en ningunha outra. Espera unha explicación política do porqué, aínda que máis ben espera o compromiso de rectificación

que é o que pensa que debería ser, xa que o que fixo ben a xente do seu partido cando estivo no goberno estaría ben que se mantivese.

Contéstalle o concelleiro de Cultura, Justo Martínez Ardá, que en canto aos criterios da composición da Comisión que concede as subvencións de concorrencia competitiva o certo é que foi unha decisión moi meditada. Ao mellor é algo bo que tiña feito o BNG no seu momento, se cadra a oposición naquel momento tamén era diferente porque se fose pola oposición de agora, as entidades non terían cobrada o 70% das subvencións deste ano, xa que ninguén da oposición apareceu a aquela reunión. Alí foi cando se deu conta o goberno que o fixo ben, moi ao seu pesar.

- O voceiro do grupo municipal do PP fixo unha pregunta sobre os tribunais de contratación e el xa fixo unha pregunta na Comisión. Hai cousas que se poden discutir máis ou menos pero hai cousas que veñen sendo costume, xa se queixou no seu momento internamente no goberno de que cada vez que saen contratacións na Área de Obras e Servizos o tribunal ten un sesgo político clarísimo cara ao partido político que ten a alcaldía. Unhas veces son membros do seu Consello Local, outras irmáns dos concelleiros que forman o goberno ou militantes do seu partido. Cada vez que está o seu grupo político no goberno pasa o mesmo, xa non parecidos a unha cor, senón que acaban sendo da casa. Sería ben que tamén nos tribunais de contratación houbera unha certa pluralidade.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que ela cre na honestidade dos traballadores, na súa imparcialidade e na súa liberdade, independentemente do que pensen ou do que voten. Dille que non lle pregunta a ninguén o que vota. Non entende que problemas pode ter o seu grupo, porque estes traballadores e traballadoras son os mesmos que estaban cando gobernaba o PSOE e cando gobernaba o PP. A composición responde a criterios técnicos e a circunstancias do Concello. O goberno non é tan escuro como a oposición pensa e, de verdade, cre na imparcialidade dos traballadores municipais, aínda que haxa algúns que non.

- Na Comisión preguntaron se houbo alguén máis á parte do condutor habitual que manipulase o tractor municipal nos meses de novembro e decembro. Installe a que lle facilite o antes posible unha resposta entendendo que é unha contestación pertinente para outros procedementos que hai en marcha no Concello de Fene.

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que responderá na seguinte Comisión.

- A concelleira de Medio Ambiente informoulle de determinadas actuacións no paseo marítimo de San Valentín. Cal é o estado desas intervencións? xa remataron? hai previstas máis intervencións nesa zona?

A concelleira de Medio Ambiente, María Manuela Aguilar Prieto, pregúntalle se se refire só ao paseo marítimo da parte da madeira ou a todo o paseo marítimo. Contéstalle o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que se refire á parte da madeira.

Contéstalle a concelleira de Medio Ambiente, María Manuela Aguilar Prieto, que nesa parte tratouse dunha actuación de Costas que xa rematou. Consistiu nunha limpeza e cambio dalgunhas madeiras.

- Respecto da modificación da RPT quere facerlle un rogo á concelleira de Persoal. Na Mesa de Negociación hai dúas partes, a institución e os traballadores e lamentablemente para o grupo de goberno non representan aquí á institución, só son o goberno, xa que a maioría do Pleno é outra. Rógalle que trate de buscar consensos coas forzas políticas antes de ir á Mesa de Negociación cos traballadores, senón arríscase permanente a que negocien interlocutores que non teñen a capacidade de interlocución que lle deron as eleccións e non contan co respaldo do Pleno para tomar decisións, polo tanto, o intelixente e prudente, cando se está nunha posición absolutamente minoritaria no Pleno, é non tratar de facer unha fuxida aloucada cara adiante, senón tratar de buscar o consenso do conxunto da Corporación. Se o fai así, aí poderán atopar ao seu grupo e mentres faga o que fixo, tomando decisións unilaterais, poderá volver atopar co que pasou no anterior Pleno.

- Respecto do POS+ di que se alguén pensa que con chegar a unha reunión e dicirlles ao conxunto de grupos políticos que teñen a maioría neste Pleno "facede aportacións, que xa se terán en conta ou non", se alguén pensa que con iso vai ter algún consenso para facer o POS+, pensa que é unha reflexión infantil. Dille ao alcalde que cando se trata dunha decisión que require o voto da maioría do

Pleno, pensa que lle corresponde outro traballo, e se non é quen de facelo, terá que facelo alguén por el, pero se se quere que isto chegue a bo porto alguén o terá que facer e cun "brindis ao sol" é difícil, con invitacións a facer algunha contribución a quen ten a maioría é un pouco complexo. Lémbrale ao alcalde que ten un goberno en minoría e preguntalle cal vai ser o día que se dea conta?. A única opción que ten de sacar algo adiante é camiñar con este Pleno, se é que a oposición quere camiñar co alcalde, que esa é outra cuestión a dilucidar. Antes de chegar a ese punto invítao a que trate de facer o camiño.

Contéstalle o alcalde que cando se fala de aportacións, tamén quere rogarlle, que o goberno xa lle dixo cal era a súa posición e o que querían facer co POS+, que cantidades se querían manter e demais e o que pediron foi a posición do seu grupo político. O goberno xa lle dixo cal era a súa posición e agora espera saber cal é a súa para poder construír, pois se os únicos que din o que queren facer é unha parte, é difícil.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lle di que o seu grupo xunto co goberno suman oito concelleiros. Por iso se non intenta falar con algún outro grupo, non é posible.

Contéstalle o alcalde que inténtase falar con alguén máis e haberá que ver quen quere ou intenta facer aportacións e quen non.

- Respecto do orzamento dille ao alcalde que o ano xa chegou e é certo que vostede fixo algunha pregunta sobre o orzamento. Cando se fai unha pregunta poden pasar tres cousas, que lle respondan que si, que non ou que non lle respondan. As tres cousas son respostas. Dille ao alcalde que se ten unha proposta que a presente e cada grupo político xa lle dirán o que pensan, se vostede quere construír co Pleno diga publicamente esta cuestión e entón estarase noutro tipo de discusión. De momento a día de hoxe seguen sen ningún tipo de proposta de orzamento por parte de quen di ter proxecto para o Concello de Fene.

- Respecto do PXOM, dille ao concelleiro de Urbanismo que se levase aquí dous meses, podería dicir que se reuniu non sabe cando coa empresa que fixo os traballos previos e espera retomalo durante este ano, pero o problema é que non van dous meses, o problema é que o PXOM é unhas das decisións máis importantes que toma un Concello en moitos anos. Xa pasaron catro anos durante a xestión do PP no que, polos motivos que sexan, non se foi quen de sacalo adiante e o concelleiro xa leva ano e medio. Non sabe que interpretar da súa contestación anterior, pero o que interpreta é que non fixo nada agás reunirse un día coa empresa, e iso nun ano e medio parécelle unha escasísima xestión cando se fala do PXOM, agás que lle diga ao Pleno, e insta a dicirlllo, que entende que non é momento e que non procede, e que por iso retiran este asunto dos obxectivos desta lexislatura. Dille que o diga ou que non veña contestando vagamente mes tras mes. Se a decisión é levalo adiante, lembre que o PXOM tamén é acordo do Pleno e por tanto só chegará a bo termino se sabe camiñar co conxunto do Pleno.

A continuación o voceiro do grupo municipal de Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Dille ao concelleiro de Deportes que está habendo un debate importantísimo sobre os campos de fútbol de herba artificial, incluso hai unha Comisión no Parlamento Europeo sobre a idoneidade do material que se está a usar, de feito hai tres semanas chegouse a publicar no Parlamento holandés a retirada e o levantamento dos campos de fútbol feitos con determinados materiais. Ao final decidiron adiar a cuestión con novas investigacións. Por iso pensa que sería importante, non modificar para peor, as peticións iniciais previstas senón suxerir á empresa que tivese en conta ese debate importante que se está a producir, non se vaia atopar coa sorpresa que unha vez feito o campo aos dous ou tres meses haxa que levantalo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.01 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

C.I.F.: P-1503600-G



Dilixencia: acta aprobada en sesión do 06.04.2017

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas

Dilixencia: Póñoa eu, secretaria, para dar fe de que esta acta foi aprobada en sesión plenaria do 06.04.2017 coa seguinte rectificación no punto 5 de Rogos e preguntas: onde di "compensar ata o 100% as retribucións dos traballadores con baixa sindical" pasa a dicir "compensar ata o 100% as retribucións dos traballadores con baixa laboral".

A secretaria

Estefanía Manteiga Lamas

C.I.F.: P-1503600-G